

A Secretaría Xeral de Política Lingüística vén de enviar aos centros específicos de adultos e aos de secundaria que teñen ensinanzas de adultos un proxecto de orde para que se impartan nestes centros os cursos preparatorios para os certificados de lingua galega (CELGA).

A Secretaría Xeral pretende con esta orde desfacerse definitivamente do colectivo de profesorado que até o de agora viña impartindo estes cursos, como medida represiva por ter reclamado os dereitos laborais máis elementais, pois, como é coñecido, este profesorado non contaba con contrato laboral nin estaba dado de alta na Seguridade Social. Unha vez que as inspeccións de traballo determinaron a ilegalidade coa que estaba actuando a Secretaría Xeral de Política Lingüística, esta, en lugar de atender o requirimento da Inspección e regularizar a situación, tomou a decisión de non contar con este colectivo.

Neste momento está presentadas no xulgado as demandas por este motivo. Cómpre lembrar tamén que a Secretaría Xeral de Política Lingüística se enfrenta a multas pola súa actuación fraudulenta que superarían os 200.000 €.

A CIG-Ensino segue reclamando que estes cursos preparatorios para os certificados de lingua galega (CELGA) e os de linguaxes específicas sexan impartidos polo “profesorado colaborador” que deberá ser contratado e dado de alta na Seguridade Social. Por iso, propoñémosvos que no prazo de 15 días, prazo que a Secretaría Xeral vén de anunciar para presentar emendas á orde, enviades como resolución do Claustro de profesorado ou do Departamento de Lingua e Literatura Galegas, segundo vos pareza mellor, a seguinte alegación dirixida á Secretaría Xeral de Política Lingüística:

Pola continuidade do “profesorado colaborador” na impartición e na avaliación dos cursos CELGA e das linguaxes específicas.

O Claustro de profesorado do
..... reclama da Secretaría Xeral de Política Lingüística que os cursos preparatorios para os certificados de lingua galega (CELGA) sexan impartidos polo “profesorado colaborador” que os viña impartindo, mediante contrato laboral e alta na Seguridade Social.

SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA.

Correo electrónico sxpl.secretaria@xunta.es. Fax: 981 54 44 24

Enviar copia á CIG-Ensino: organización@cig-ensino.com Fax: 981575839